Para educación

A DIVISIÓN NOS CADROS DE PERSOAL E O ATAQUE AO FUTURO DA MOCIDADE



FÍO DO RELATO

Acaparamento da vivienda por grandes fondos e alugueiros abusivos

↓

Pobreza infantil crónica, estrés residencial e empeoramento da saúde física e mental do alumnado

↓

Fenda social nas aulas, aumento da conflictividade e sobrecarga laboral do persoal educativo

↓

Folga indefinida no ensino e na loita pola dignidade das condicións de vida e traballo

↓

Unidade de acción, apoio mutuo e resposta colectiva

FOLGA XERAL POLA VIVENDA

11N · Paramos o país

CONFEDERACIÓN DE SINDICATOS DE INQUILINAS

poderinquilino.org

deteriora a convivencia nos centros educativos. **Notáchedes nas vosas aulas un aumento do malestar emocional e das dificultades de aprendizaxe nos últimos cursos?**

O 11N PARAMOS

Sabemos o enorme esforzo e a determinación que require manter unha folga indefinida. A comunidade educativa está a dar un exemplo de dignidade con todas as mobilizacións que estades levando a cabo. Queremos acompañar activamente o voso conflito, porque defender o ensino público e defender o dereito a un teito forman parte dunha mesma loita polas condicións de vida da xente dos nosos barrios. Precisamos unir forzas para reforzar ambas as convocatorias e organizar accións conxuntas entre os centros educativos e as asembleas de barrio.

Podemos coordinarnos de moitas maneiras: apoiando e participando nos vosos piquetes e nas vosas protestas, difundindo as vosas reivindicacións entre a veciñanza ou preparando accións conxuntas para sinalar os responsables da precariedade. **Como podemos acompañar e reforzar, desde o comité de folga do barrio, as accións que tedes previstas para estes días?**

A DIVISIÓN NOS CUADROS DE PERSOAL E O ATAQUE AO FUTURO DA MOCEDADE

Dentro dos cadros de persoal educativo atopamos realidades moi diversas. Quen accedeu ao funcionariado hai anos arrastra unha perda acumulada de poder adquisitivo e ve como os grandes fondos acaparan o mercado, dificultando que as súas fillas e fillos poidan comprar unha vivenda. Canda elas, unha ampla rede de persoal con salarios moito máis baixos—educadoras sociais, integradoras, persoall administrativo, conserxería, persoal de comedor, ocio educativo, mantemento ou limpieza (moitas con contratos fixos discontinuos)— sofre unha precariedade insostible. Para todos os colectivos, a urxencia é clara: precisamos intervir no mercado da vivenda para baixar os alugueiros e garantir contratos estables. **Como estades a vivir o encarecemento da vivenda no voso equipo de traballo?**

A CRISE DA VIVENDA ESNAQUIZA A INFANCIA E RACHA AS AULAS

A loita educativa dos últimos anos puxo o foco nas condicións que fan posible a aprendizaxe: non se pode aprender nin ensinar en aulas marcadas pola desigualdade. A suba imparable dos alugueiros e os desafiuzamentos de familias con menores colocan a infancia nunha situación de extrema vulnerabilidade. Vivir coa ameaza dun desafiuzamento xera estrés tóxico e ansiedade; o amoreamento dificulta estudar e descansar; e a falta de recursos económicos tradúcese nunha alimentación deficiente que afecta á memoria e á concentración. As dificultades do noso alumnado non son casos illados: son consecuencia directa dunha crise da vivenda que racha a igualdade de oportunidades e